

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Agosto 2006

COMUNICADO

O comercio polo miúdo aumentou as súas vendas nun 9,5% en agosto de 2006 respecto a un ano antes

As vendas no comercio polo miúdo en Galicia aumentaron un 9,5% en agosto de 2006 respecto ao mesmo mes do ano anterior

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en Galicia, que recolle as variacións mensuais na facturación das empresas con esa actividade principal, registrou no mes de agosto de 2006 un incremento interanual do 9,5% en termos correntes, cifra que se mantén cando se corrixe a serie do efecto producido polo calendario. No acumulado do ano este incremento situouse no 8,3%, un 8,1% se o corriximos polo calendario.

Analizando as vendas en termos correntes por produto, o mes de agosto revela unha diminución interanual en alimentación (-3,2%) fronte ao aumento nas vendas nos produtos de equipamento da persoa (2,7%), equipamento do fogar (9,0%) e doutros produtos (24,8%).

As vendas nas grandes superficies non especializadas de Galicia creceron un 4,5% con respecto ao mesmo mes do ano anterior

Por tipo de actividade da empresa, o índice de comercio especializado de agosto de 2006 aumentou en termos correntes un 12,8% con respecto ao mesmo mes de 2005, e o do comercio en establecementos non especializados un 1,5%.


O indicador conxuntural de vendas en grandes superficies non especializadas de Galicia, que recolle as vendas nas empresas con algún establecemento con superficie de venda superior aos 2.500 m², presenta en agosto unha taxa de variación anual do 4,5% en termos correntes, e un 5,1% no acumulado do ano.

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Agosto 2006.
Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	145,8	9,5%	8,3%
Xeral (corrixido de calendario)	146,0	9,5%	8,1%
Por actividade			
Especializado	137,7	12,8%	11,1%
Non especializado	159,9	1,5%	2,5%
Grandes superficies	180,6	4,5%	5,1%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>